

# SOLUCIÓNS

## 1. Le, en voz alta, o seguinte texto.

### O DESASTRE DO PRESTIGE.

No mes de novembro no ano 2.002 un buque que transportaba petróleo chamado *Prestige* afundiuse fronte ás costas galegas, ocasionando un derrame de petróleo que provocou un dos maiores desastres naturais de España.

O barco accidentouse o 13 de novembro nunha tormenta mentres viaxaba fronte á Costa da Morte (A Coruña). Tras varios días de maniobras para intentar alonxalo de Galicia, o 19 de novembro o barco acabou partindo pola metade a uns 250 km de distancia, xa que a forte oleaxe que había dificultou a operación de rescate.



300.000 voluntarios de todo o país acudiron a Galicia para colaborar na limpeza das praias, recollendo o chapapote que chegaba sen cesar coas olas do mar.



Moitos animais, sobre todo aves e peixes, sufriron as consecuencias do vertido de petróleo que transportaba o buque *Prestige*, quedando totalmente impregnados de chapapote, tal e como se aprecia na foto.



Os pescadores e mariscadores galegos sufriron grandes perdas económicas, pois durante un tempo estaba prohibido pescar.

**2. Copia este texto na túa libreta ou folio.**

**3. Copia as seguintes preguntas e respóndelas (lembra usar maiúsculas e puntos cando sexa preciso).**

**AS RESPOSTAS PODEN EXPRESARSE DE FORMA DIFERENTE.**

a) ¿De qué trata o texto que acabas de ler? **Trata do desastre natural que causou o buque *Prestige* en Galicia.**

- b) ¿Por que din que é un desastre NATURAL? É un desastre natural porque este derrame de petróleo tivo consecuencias moi malas para a natureza: mar, praias e seres vivos.
- c) ¿Cando sufriu o accidente (NON a rotura) o buque? O buque accidentouse o 13 de novembro do 2.002.
- d) ¿Cantos días pasaron dende que se accidentou ata que partiu pola metade? Pasaron 6 días, xa que acabou partindo o 19 de novembro.
- e) ¿Por que a operación de rescate foi tan difícil? Le ben que a resposta está no texto. Porque durante os días de rescate había unha forte oleaxe.
- f) ¿Tan só limparon as praias os galegos e as galegas? Non. 300.000 voluntarios de toda España acudiron a Galicia para axudar nas tarefas de limpeza.
- g) ¿Que era o que vertía o barco (saía do barco)? O Prestige vertía petróleo.
- h) ¿Puideron saír a pescar o 20 de novembro os mariñeiros? Non. Durante un tempo estaba prohibido pescar.
- i) Se o desastre do Prestige foi no ano 2002 e agora estamos no 2020, ¿cantos anos pasaron? Debes facer unha operación.  $2020 - 2002 = 0018$ . Pasaron 18 anos.